

RÚBRICA TRABALLO EN EQUIPO

	Fixémolo Xenial porque...	Fixémolo bastante ben porque...	Custounos un pouco porque...	Temos que mellorar porque...
Elaboración da noticia	Non necesitamos seguir a pauta dada e conseguimos facela moi ben. (1)	Variamos algunha cousa da pauta dada e conseguimos facela bastante ben. (0'75)	Seguimos a pauta dada e custounos facela. (0'50)	Fixemos a noticia ca axuda do mestre todo o tempo. (0'25)
Exposición da noticia	Fixemos unha exposición moi clara e entretida, na que participamos todos, utilizando o formato elixido sen dificultades. (1)	Conseguimos expoñer a noticia, aínda que algún compañeiro non participou, utilizando o formato elixido. (0'75)	Transmitimos a noticia con algunhas incoherencias e dificultades co formato elixido. (0'50)	Non a tiñamos ben preparada e non participamos todos; ademais tivemos moitas dificultades co formato elixido. (0'25)
Participación nas clases	Participamos todos moito, axudándonos constantemente. (2)	Implicámonos bastante e colaborabamos case sempre. (1'75)	Case todos participamos, aínda que houbo días que non nos concentramos moito no traballo. (1'25)	Só traballabamos cando nos apetecía e discutíamos moito. (0'75)
Axuda, colaboración e cooperación no equipo	Axudámonos todos sempre. Ante un conflito atopabamos solucións en equipo. (2)	Case sempre todos colaboramos e tratabamos de falar para atopar solucións. (1'75)	Só algúns traballaron en equipo. (1'25)	Tiñamos moitos conflitos e custounos cooperar e traballar en equipo. (0'75)
Organización interna	Foi moi boa. Sen axuda da mestra, e, ás veces, axudamos a outros equipos. (2)	Conseguimos organizarnos bastante ben e sen axuda. (1'75)	Aínda que necesitamos ás veces axuda da mestra, o equipo traballou con autonomía. (1'25)	Non foi boa. Tiña que axudarnos moito a mestra. (0'75)
Resolución pacífica de conflitos	Cando había algún conflito, falabámolo e buscabamos solución todos xuntos. (2)	Case sempre conseguimos resolvelos, e fomos mellorando na resolución. (1'75)	Ás veces necesitamos a axuda da mestra para resolvelos; aínda que fomos mellorando cada día na resolución. (1'25)	Case sempre necesitamos axuda para resolvelos. (0'75)



“Rúbrica do traballo en equipo”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)